



PROXECTO

#SENVANDALISMO

DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO





A aula de 6º de EP do noso centro, xunto con outros 9 centros de Galicia, foi seleccionada para participar neste proxecto socioeducativo pioneiro a nivel autonómico, promovido pola Fundación Barrié e a Asociación para a Prevención e a Educación Social (APES), para a prevención do vandalismo entre os máis novos/as. O obxectivo de Investigadores Sociales #SenVandalismo é sensibilizar e concienciar aos máis novos/as das consecuencias sociais e económicas que xera o vandalismo na súa cidade. O proxecto desenvolverase entre os meses de outubro de 2022 e marzo de 2023. Durante este tempo, o alumnado participante formarase como “Investigadores/as Sociais”, adquirindo un rol de axentes activos na súa comunidade, tendo como axudantes no proceso ás súas familias, docentes e APES.

Ao longo das distintas sesións do proxecto, alumnado e profesorado adquiriran coñecementos sobre o vandalismo e sobre os comportamentos de risco que se dan tanto no seu centro educativo coma no seu barrio e contorna. Terán a oportunidade de deseñar e levar a cabo unha acción social (por medio dunha campaña ou dun servizo á comunidade) para incidir sobre esta problemática.

Na páxina web de APES podedes ver as que se levaron a cabo nos coles na anterior convocatoria:

http://www.apesasociacion.org/aprendizaje_servicio_innovacion_educativa_es.html

